

MEMORIA DA INXUSTIZA. O VETERINARIO BENIGNO ÁLVAREZ GONZÁLEZ

Pasaron xa máis de 70 anos do pasamento do veterinario ourensán e líder do Partido Comunista Benigno Álvarez. Benigno foi un dos tantos que sucumbiron á represión que a Guerra Civil xerou.

Diego Conde Gómez. Asoc. Historia Veterinaria Galega (HISVEGA), historiaveterinariagalega@yahoo.es
José Manuel Etxaniz Makazaga. Asoc. Española de Historia da Veterinaria

INTRODUCCIÓN

A raíz das actividades que se celebraron no ano 2006, Ano da Memoria, xurdiu en diferentes eidos a reflexión sobre a necesidade ou non de recuperar ou reescribir a nosa propia historia. Os que se opoñían a tal recuperación amparábanse no argumento de que remexer no pasado significa "abrir feridas xa pechadas". Este argumento asume que as citadas feridas están realmente pechadas.

A reconciliación e o exercicio de concordia que o noso país experimentou na Transición non obriga ao esquecemento de todas e cada unha das atrocidades que se viviron a ambos lados da fronte daquela loita fratricida. Alguén dicía que un pobo que non coñece (e recoñece) o seu pasado está condenado a volver sufrir os mesmos erros.

A memoria sen ira, sen afán vingativo, non abre, senón que pecha, aquelas feridas que aínda persisten.

A historia contemporánea do noso país está feita por cada un de nós, que temos a nosa propia memoria histórica, transmitida no seo das nosas familias, nas nosas conversas, nos escritos e en todos os eidos da nosa propia vida.

A recuperación colectiva da nosa memoria histórica, e a compensación consensuada das débedas con esta, fainos máis fortes nos fundamentos da propia convivencia como pobo.

Lonxe dunha actitude de reaxustar contas, a recuperación para a nosa profesión da memoria dos que dalgunha maneira morreron naquela loita de tolos _xa fora en corpo, como é o caso de Benigno Álvarez, ou en alma, coma todos aqueles que sufriron o exilio_ será un necesario exercicio de xustiza.

Que sirva este artigo para remover consciencias e como homenaxe e pago da débeda histórica que temos con esta xente.

PRIMEIROS ANOS E ESTUDOS DE VETERINARIA

Benigno Álvarez naceu en Maceda (Ourense) o día 11 de marzo de 1900. Seu pai, Demetrio, era veterinario e posuía unha clínica na rúa Aureliano Ferreiro, no cruce que vai ao Santuario dos Milagres. Súa nai, Felisa, era mestra na escola unitaria de Zorelle, a 3 quilómetros da capital do concello. Benigno foi o maior de nove irmáns.

A familia posuía unha casa e extensas fincas, pertencendo á burguesía local acomodada. O pai foi alcalde de Maceda entre 1913 e 1919.

Benigno Álvarez estudou ata os oito anos na escola pública de Maceda, trasladándose logo a Ourense para rematar o ensino primario. Despois marchou a Santiago, onde cursaría o bacharelato e máis tarde a carreira de Veterinaria. Fixo varios cursos á vez e rematouna con 20 anos, en 1920, para regresar ao carón de seu pai en Maceda e axudarlle na clínica. Na época de estudante universitario xa se distinguiu como inconformista,

e durante o curso 1915-16 a penas foi a clase como consecuencia da Burelada (a revolta estudiantil contra a disposición do ministro de Instrucción Pública Julio Burell y Cuéllar para reformar os estudos superiores).

BENIGNO ÁLVAREZ, VETERINARIO

Benigno Álvarez axiña adquiriu fama de boa persoa, gran profesional e xeneroso, principalmente entre os labregos e pequenos gandeiros que trataba e que vivían nas aldeas da Serra de San Mamede nunhas condicións de mínima subsistencia. A maioría das veces non lles cobraba ou facíao de xeito simbólico, axudándolles incluso noutras actividades alleas a súa profesión.

En 1923 é parte activa da creación do Colexio de Veterinarios de Ourense, como así consta na acta de constitución. O primeiro presidente deste órgano foi Xavier Prado *Lameiro*.



Benigno Álvarez en 1920



Benigno Álvarez en 1925. Arriba, segundo pola dereita

Nesa época, Benigno Álvarez participa no movemento agrarista e publica varios artigos en distintos medios, xeralmente con pseudónimo. Especialmente, en *La Zarpa* _que fundara o agrarista Basilio Álvarez, con quen Benigno tiña certas concomitancias_ e en *Escuela de Trabajo*. Cunha linguaxe sinxela, aborda nos seus traballos problemas coma a redención dos foros, as condicións de subsistencia do labrego galego ou as loitas contra os caciques. Atopamos, entre outros artigos, o publicado en *Mundo Obrero* o 21 de xaneiro de 1936 baixo o título *En Galicia. Situación xeral do campesiñado pobre e medio*, onde analiza as condicións de vida do agro galego durante os anos da II República.

O compromiso de Benigno Álvarez co campo galego reflíctese tamén na campaña que en 1936 promoveu para a constitución da Federación Campesiña Provincial _que agrupaba a máis de cincuenta sociedades agrarias da provincia de Ourense_, da que sería elixido presidente.

ACTIVIDADE POLÍTICA

En 1920, Álvarez comeza a simpatizar cos movementos de corte socialista. O Partido Comunista estivo na clandestinidade practicamente desde o seu nacemento a comezos da década dos vinte, como consecuencia dunha escisión dos socialistas na III Internacional.

En 1930, o veterinario foi detido acusado de axitador. Protagonizou unha folga de fame da que se tivo coñecemento en toda a provincia de Ourense.

Proclamada a II República, o 14 de abril de 1931, Álvarez ocupa o cargo de alcalde de Maceda e mantén contactos co Partido Republicano Radical Socialista, no que milita outro célebre veterinario, Félix Gordón Ordás.

En maio de 1931, Benigno Álvarez, xunto con Antonio F. Carnicero _amigo desde a infancia e médico do barrio ourensán da Ponte_, Luís Soto _que desde 1938 sería o secretario de Castelao no exilio_, o poeta Gómez del Valle, Gayoso Frías, Juan Novoa, Clemente Vidal e Xesusa Prado, entre outros, fundan o Partido Comunista a nivel provincial. Benigno sería o secretario político ata o final dos seus días. De feito, trasladouse a vivir a Ourense para dedicarse de cheo á actividade política.

En 1932, o noso protagonista propúxolle ao Comité Rexional de Vigo constituír o Partido Comunista Galego, co obxecto de acadar unha maior implantación e identificación de Galicia como país. Os comunistas galegos case non chegaban aos 300 afiliados, con pequenas células na Coruña, Ferrol, Pontevedra, Ourense e Vigo, pero a proposta non prosperou. Ademais, fixéronlle saber a Benigno que tampouco gustaba a publicación que dirixía, *El Soviet*, que alcanzou 23 edicións e que se caracterizaba por non pasar polo filtro do Comité Rexional de Vigo ni polo do Comité Central de Madrid.

No IV Congreso do PCE, celebrado en Sevilla entre os días 17 e 23 de marzo de 1932, con representantes dos partidos comunistas de todo o mundo, Benigno, que era un dos catro delegados galegos, esixiu expoñer en galego o seu informe sobre a revolución agraria. Accedeuse á petición, facendo de tradutor un camarada portugués. Deste congreso sae elixido Álvarez membro do Comité Central do PCE, no que figura xente da talla de Dolores Ibárruri, *Pasionaria*, que se encargaría da secretaría feminina. Ese mesmo ano, Benigno casou con Henriqueta Fernández Iglesias. Da relación nacería unha nena.

En 1933, Benigno Álvarez xa resultaba un personaxe inquedaante, polas súas ideas e actividades, para os intereses da oligarquía ourensá. Nas eleccións dese ano formou parte da candidatura do Bloque Popular Antifascista, formado por partidos republicanos e obreiros, que obtivo uns exiguos resultados. Durante o Bienio Negro, en pleno intento de insurrección en outubro de 1934, volvería ser detido.

Para algúns autores modernos, a figura de Benigno Álvarez é unha das claves para o desenvolvemento do nacionalismo galego e as súas proxeccións socio-políticas en Galicia. Aínda que existen discrepancias sobre a posibilidade de que as súas ideas nacionalistas supuxeran un desentono coa liña do PCE tanto en Madrid como a nivel rexional, é indubidable que como promotor do Partido Comunista de Galicia intenta conxugar o marxismo-leninismo co nacionalismo, promovendo unha liña complementaria ao Partido Galeguista de Castelao. A Guerra Civil frustrou a aspiración dos comunistas galegos de crear un partido autónomo, que non tomará forma ata 1968 en París.



Benigno Álvarez en 1936

En 1936, Álvarez figurou na lista da Fronte Popular pola provincia de Ourense, que encabezaba Alexandre Bóveda. Os votos de Benigno, a pesar de mellorar con respecto á anterior consulta, non foron suficientes para lograr escano. Este recaeu no líder da dereita, José Calvo Sotelo, non sen sospeitas de amaño electoral. Sen embargo, o veterinario ourensán puido acudir a Madrid como compromisario para a elección de Manuel Azaña como presidente da República.

Tamén participou activamente a favor do plebiscito estatutario galego de 1936, transmitindo nos mítines, co seu verbo fácil, unha identificación con Galicia que ía moito máis alá do puramente coxuntural, cunha visión de país moi avanzada para a súa época.



Xornal La Zarpa



Maceda. 1920

REPRESIÓN E MORTE

Ao estoupar a sublevación militar, Benigno e a súa dona agocháronse primeiro no faiado da súa casa, máis tarde na Serra de San Mamede e logo na zona de Edreira.

A señora dos Ulloa _unha familia de avoengo_, admiradora de Benigno, ofreceulle unha casa en Monterroso para se ocultar. Alí permaneceu ata xaneiro de 1937, en que decidiu regresar ao monte para organizar a loita guerrilleira pola zona de Montederramo. Algúns membros da oligarquía ourensá, incluída a Marquesa de la Atalaya Bermeja, puxeron prezo á súa cabeza, mil pesetas e un coche por atrapalo vivo ou morto.

A finais de 1936, ofrecéuselle a Benigno a oportunidade de fuxir a América vía Porto, co deputado Leandro Carro e o apoio dun contacto portugués, dado que o PCE quería recuperar todos os cadros políticos posibles. Pero optou por continuar a guerra na Serra.


Soubo antes de morrer que acababan de fusilar a cinco campesiños en San Mamede por non dicirle á Garda Civil o lugar onde se atopaba escondido.

O inverno de 1937 foi especialmente duro. Benigno estaba enfermo, posiblemente de tuberculose, e faleceu nun refuxio chamado O Penedo, a cen metros da aldea de Vixueses, o día 11 de marzo. Tiña 37 anos recién cumpridos.

O cadáver foi descuberto na fría mañá do 13 de marzo de 1937. Un falanxista disparoulle un tiro de graza no temporal dereito, sen que manara sangue. Non lle aboaron a recompensa. O cadáver foi trasladado atado de pé nunha furgoneta, exhibido coma un trofeo de caza pola cidade de Ourense.

BIBLIOGRAFÍA

- ETXANIZ MAKAZAGA, J.M.; CONDE GÓMEZ, D.; ETXANIZ BUJANDA, O. "The veterinarian Benigno Álvarez González, a communist who loved Galicia". Proceedings of XXXVII International Congress of the World Association for the History of Veterinary Medicine. León. 2006
- PROL BLANCO, S. "Benigno Álvarez. Un comunista na Galiza dos anos 30". O fardel da memoria. Nosa Terra. 2007
- PROL BLANCO, S. "Benigno Álvarez. As dúas mortes dun comunista". Nosa Terra. A Nosa Historia nº 7 (xullo 1996), pp. 34-39. Santiago.
- PROL BLANCO, S. "Benigno Álvarez, ¿Internacionalista ou Protonacionalista?" Abrente. Compostela, Outubro, 2002.
- SOTO, L. "Castelao, a U.P.G. e outras memorias". Ed. Xerais. 1983.



Libro sobre Benigno Álvarez



Morte do veterinario de Maceda. Serie O fardel da guerra, de Conde Corbal